

ITINERARIO ECUESTRE

IE-16

CAMIÑO DE SANTIAGO VÍA DA PRATA - CAMIÑO MOZÁRABE

1ª ETAPA

A CANDA (A MEZQUITA) // A GUDIÑA

17 KM

O inicio desta etapa atópase na Portela da Canda (1281m de altitude) e pasa polos concellos da Mezquita (núcleos da Canda, A Vilavella e O Pereiro) e A Gudiña (O Canizo e A Gudiña) Á saída de O Canizo atópase unha alternativa ecuestre debidamente sinalizada, que non coincide co itinerario peonil sinalizado. Salvo este tramo, o resto do trazado segue as indicacións do Camiño de Santiago a pé. Compre tomar precaucións nos tramos empedrados e con forte desnivel.

3ª ETAPA

LAZA // XUNQUEIRA DE AMBÍA

35 KM

Á saída de Laza atópase unha alternativa ecuestre de 1,7 Km, debidamente sinalizada. Salvo este tramo, o resto do trazado coincide coas indicacións do Camiño de Santiago a pé. Hai que tomar precaucións no tramo de Tamicelas – A Alberguería e no do Veredo – Vilar de Barrio, por mor do desnivel existente.

5ª ETAPA

OURENSE // SAN CRISTOVO DE CEA

31,6 KM

Este tramo discorre integramente polo trazado do camiño de Santiago a pé. Á saída de Ourense hai un tramo ascendente (Camiño Real de Cudeiro) que presta lousado de granito, polo que cómpre extremar a precaución.

7ª ETAPA

CASTRO (DOZÓN) // SILLEDA

35 KM

Á saída do Castro (Dozón) síguese a alternativa ecuestre, co fin de evitar transitar pola N-525, e uns poucos quilómetros máis adiante vólvese incorporar ao trazado a pé do Camiño. Á altura do polígono industrial de Lalín existe outra alternativa ecuestre que conduce ata Bendoiro por camiños locais e, neste punto, únese de novo ao trazado a pé ata chegar a Silleda. Extremar a precaución na zona do polígono industrial.

9ª ETAPA

PONTE ULLA (VEDRA) // SANTIAGO DE COMPOSTELA

21 KM

Este é o último tramo do Camiño de Santiago Vía da Prata – Camiño Mozárabe. Á saída da Ponte Ulla existe unha alternativa ecuestre para evitar a N-525. Posteriormente vólvese incorporar ao trazado a pé do Camiño.

Débense extremar as precaucións co tráfico rodado.

Para acceder dacabalo á cidade de Santiago é necesario ter tramitado, con anterioridade, un permiso para poder acceder a ela (Departamento de Tráfico tel. 981 54 23 21)

2ª ETAPA

A GUDIÑA // LAZA

37,2 KM

Trátase do tramo máis longo do Camiño de Santiago - Vía da Prata - Camiño Mozárabe. Presenta dúas alternativas con respecto ao camiño a pé. A primeira atópase na saída da Gudiña, onde se seguen as marcas específicas da alternativa ecuestre chégase A Venda da Capela, onde se une de novo co trazado a pé do Camiño de Santiago. A segunda alternativa atópase ao final da etapa, moi preto de Laza. Durante todo este tramo compre ter en conta os desniveis existentes.

4ª ETAPA

XUNQUEIRA DE AMBÍA // OURENSE

16,2 KM

Este tramo discorre polo trazado do Camiño de Santiago a pé. Presenta un trazado descendente que conduce ata Ourense pasando os núcleos de Salgueiros, Pereiras e Reboredo. Á entrada de Ourense existe un trazado alternativo ecuestre que permite chegar ata o río Miño, evitando as principais vías de circulación da cidade. Extremar a precaución na zona de baixada ao río Miño.

6ª ETAPA

SAN CRISTOVO DE CEA //CASTRO (DOZÓN)

19 KM

Neste tramo o Camiño sae da provincia de Ourense para entrar na de Pontevedra. Presenta dúas alternativas ecuestres respecto do camiño a pé; a primeira atópase na zona do mosteiro de Oseira e a segunda á chegada ao Castro (Dozón).

8ª ETAPA

SILLEDA// PONTE ULLA (VEDRA)

19,3 KM

Neste tramo o Camiño sae da provincia de Pontevedra para entrar na da Coruña. Todo o percorrido realízase polo trazado a pé do Camiño. Desde Silleda, o trazado presenta un perfil descendente ata chegar á Ponte Ulla. Na zona de descenso cara ao río ulla cómpre extremar a precaución.

10ª ETAPA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

É obrigatorio ter solicitado permiso con antelación para acceder co animal á cidade (Departamento de Tráfico tel. 981 54 23 21)

www.santiagodecompostela.org

Só se pode entrar co animal antes das 9:00 horas da mañá.

O animal só poderá permanecer na parte histórica durante un tempo máximo de 10 minutos.

Os responsables do animal deberán dispor dun servizo e limpeza que os acompañe.